

SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL CINCO (31.10.2005)

PLENO NUMERO 08/2005

No Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas e dous minutos do día trinta e un de outubro de dous mil cinco, reúnese en sesión ordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

- 2.- D. JUAN RODRÍGUEZ PAREJAS,
- 3.- D. SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ
- 4.- DNA. PILAR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
- 5.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO
- 6.-D. XOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ CASTRO
- 7.-D. ROSENDO LÓPEZ SALGUEIRO

Non asisten os Concelleiros:

- 8.- D. LUIS FERNÁNDEZ OJEA
- 9.- DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

II.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO

Recibido escrito do Ilmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data trinta e un de maio do ano en curso, mediante o que da conta da vacante producida no cargo de Xuíz de Paz Substituto como consecuencia do nomeamento de Xuíz de Paz titular, e polo tanto da necesidade de inicia-lo procedemento concursal para a súa designación polo Pleno da Corporación.

A tal fin procedeuse a convocar mediante anuncios no Boletín Oficial da provincia, publicados no número douscentos dezaoitto de data vintedous de setembro de dous mil cinco, presentándose unha candidata: Dna. Elena González Quiroga, veciña de Monforte de Lemos e domicilio en Distriz, nada no ano de 1978 e Licenciada en Dereito.

Visto-los méritos alegados pola concursante, ó Pleno da Corporación, por unanimidade ACORDA:

DESIGNAR a Dna. Elena González Quiroga como Xuíza de Paz substituta do titular, propondo seu nomeamento á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

III.- ASUNTOS URXENTES, SE PROCEDE

IV.1.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO